

Dspace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

M. Álvarez de la Granja (2008): “Os antropónimos figurados valorativos. Caracterización e uso (I)”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 55-64.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

OS ANTROPÓNIMOS FIGURADOS VALORATIVOS. CARACTERIZACIÓN E USO (I)¹

María Álvarez de la Granja

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Unha característica fundamental do comportamento dos nomes propios e máis en concreto dos antropónimos, que é o subtipo no que se centra este traballo, é o feito de seren definidos de seu, de xeito que non precisan determinantes para a súa actualización no discurso. Agora ben, fronte a este comportamento xeral, todas as gramáticas sinalan a posibilidade do emprego de determinante cos nomes propios, ben polo feito de ser un integrante do elemento onímico (O Courel), ben por ter un valor expresivo (ora despectivo, ora familiar) (o Pepiño), ben por levar implicada unha recategorización do nome propio como nome común. Neste último caso adoitan mencionarse diferentes valores do nome común resultante. Así, por exemplo, Álvarez e Xove (2002: 380-382) sinalan usos metalingüísticos (“*ese Braian* está mal escrito”, “na gardería da miña filla hai *varias Anas*”; usos metonímicos (“comprei *un Lugris*”); usos restritivos e separadores (“non é *o Manolo de antes*”; “morreu *un Vilanova*, pero non sei exactamente cal”²) e usos metafóricos.

Un nome propio, polo tanto referido orixinarimente a un individual, pode usarse como común (designando unha clase) mediante unha transferencia fundada nunha analogía ou similitude entre unha calidade relevante ou prototípica do individual

1 A segunda parte deste traballo publícase en E. Corral Díaz et alii (eds.) (en prensa): *A mi dizen quantos amigos ey. Estudos filolóxicos en homenaxe a Xosé Luís Couceiro*. Santiago: Universidade.

2 Os exemplos neste e nos anteriores usos son meus.

orixinario e unha característica semellante dos individuos a que se aplica (Álvarez / Xove 2002: 381)

Os exemplos e as correspondentes explicacións cos que os autores ilustran o texto anterior son os seguintes:

Estas escritoras son outras Rosalías de Castro [escritoras con algunha das características que se recoñecen comunmente en Rosalía de Castro: de calidade literaria análoga, de importancia análoga na literatura galega, de sentido da vida e da literatura análogos...].

Vai camiño de se converter nun Indurain [nun ‘ciclista moi bo’, ‘ciclista moi bo nas carreiras cronometradas’, ‘ciclista gañador de moitos Tour’, etc.].

R. Álvarez e X. Xove sinalan así mesmo que unha ampla xeneralización metafórica se reflicte na grafía mediante o emprego de minúscula³. No exemplo achegado o nome propio, ademais, pasou a converterse en adxectivo:

Non se pode ser tan *quixote* coma ela.

Pois ben, o obxectivo do presente estudo é xustamente a análise destes antropónimos empregados figurativamente e utilizados para a caracterización dos seres humanos. Interésanme aqueles antropónimos que admiten a determinación mediante o artigo indefinido (*un xan, un xudas*), onde o artigo funciona como “marca de referencia de clase” (Álvarez / Xove 2002: 454) (*un xudas*: ‘persoa que pertence á clase dos traidores’), onde o referente ten carácter humano e ao que se lle confire “un contenido descriptivo que sirve como prototipo de una determinada característica” (Cabré et alii 2000: 14). Quedan fóra, pois, outros usos menos frecuentes nos que o referente non é humano e/ou non admite o artigo indefinido como marcador de clase (*o pedro chosco* ‘o sono’; *sosia* ‘persoa que ten un parecido extraordinario con outra’) ou empregos nos que non se percibe unha función avaliativa (*galeno* ‘médico’⁴). De acordo co sinalado, deixo tamén fóra da análise as expresións antroponímicas que figuran en construción comparativa, pero nas que o nome propio non admite artigo indefinido: *máis vello ca*

3 Prescindindo deste criterio e por razóns de claridade, de aquí en diante, emprego sempre minúscula para representar os substantivos recategorizados (agás fragmentos textuais, nos que respecto a grafía do autor) e maiúscula para os antropónimos dos que derivan.

4 De acordo con este criterio, podería quedar fóra do corpus o substantivo *mecenas*. No entanto, coido que, fronte a *galeno*, encerra un certo contido valorativo reflectido na definición do *Diccionario da Real Academia Galega* (‘persoa rica ou poderosa que patrocina os literatos, sabios ou artistas’) (o destacado é meu).

Matusalén, vello coma Matusalén, ter máis anos ca Matusalén, máis embusteiro / mentireiro ca Turpín, ter máis paciencia ca o Xoán do Outeiro... (pero **máis vello ca un matusalén, *máis embusteiro ca un turpín, *ter máis paciencia ca un xoán do outeiro*).

A recategorización comentada é enormemente produtiva, pero o corpus analizado (recollido no Apéndice) está constituído só por expresións que alcanzaron unha certa fixación no galego, ao punto de tratarse de empregos merecentes de figurar no dicionario, tanto pola súa perdurabilidade e repetición no tempo como pola súa extensión ao longo do territorio galegofalante. Deixamos fóra, pois, usos figurados que, ben carecen da fixación comentada (aínda que poidan ser sincronicamente enunciados e comprendidos por calquera –*un einstein*, por exemplo, para unha ‘persoa moi intelixente’–), ben, sendo fixos, posúen unha reducida extensión dialectal (así, por exemplo, *un cachamuíña* empregado na zona de Vigo para designar unha persoa forte e bruta, *un eloi* empregado en Silvaescura (Ramirás) para referirse a unha persoa con tendencia a dicir ou facer parvadas). Evidentemente, non estamos ante caixóns estancos na medida en que tanto a fixación das expresións figuradas como a extensión dialectal son graduais. Falamos sempre, daquela, en termos relativos: relativa fixación no lexicón mental, extensión territorial relativamente extensa.

Un problema distinto é o referente á caracterización diafásica dos antropónimos recategorizados. Moitos deles pertencen a un rexistro culto (*unha afrodita, un maquiavelo, un quixote, unha lolita...*) e algúns teñen carácter de internacionalismos. Por razóns obvias, son especialmente numerosas as concomitancias coa lingua castelá e é innegable a influencia da lingua veciña na utilización e fixación das expresións en galego, o que non lle resta lexitimidade ao seu estudo nesta última lingua.

Aínda que acabo de sinalar que as unidades que constitúen o corpus son aquelas merecentes de figurar no dicionario por estaren fixadas no lexicón mental de boa parte dos falantes galegos, isto non implica que o corpus estea confeccionado a través do baleirado de obras lexicográficas. Como se pode comprobar no Apéndice, non hai nos dicionarios unha recolleita sistemática dos antropónimos recategorizados como nomes comúns metafóricos, de xeito que o corpus non pode estar baseado exclusivamente en fontes lexicográficas. Onda expresións lematizadas nos dicionarios recollo, pois, outras unidades extraídas do meu propio coñecemento da lingua e cuxa lexitimidade como expresións galegas se viu referendada por cinco enquisas realizadas a outros tantos galego-falantes, que coincidiron ademais (de forma aproximada) no establecemento do seu significado. Non pretendo, por outra banda, confeccionar un corpus completo de antropónimos recategorizados, senón realizar unha recolleita o suficientemente ampla que me permita a seguir realizar a súa análise. De calquera xeito, as limitacións de espazo conducen a restrinxir a dita análise ao estudo dos diferentes graos de fixación, figuración e motivación dos antropónimos figurados, así

como, na segunda parte deste traballo (vid. nota 1) á reflexión sobre a súa orixe e significado e sobre dous aspectos relativos ao seu comportamento no discurso: a posibilidade de aparición en estruturas comparativas e a posibilidade de variación xenérica. Quedan fóra da análise outros aspectos de interese, como poden ser a súa recepción e tratamento lexicográfico⁵, o seu funcionamento como adxectivos ou o emprego de maiúsculas ou minúsculas na súa representación gráfica⁶.

Fixación, figuración e motivación

Acabo de sinalar que só os antropónimos fixados na memoria dos falantes forman parte do corpus, pero enfrontados a un caso concreto, non sempre resulta doado decidir se existe ou non fixación. As obras lexicográficas só nos poden axudar parcialmente: entendemos que unha unidade lematizada é fixa, pero a ausencia no dicionario dun antropónimo non implica ausencia de fixación, na medida en que, como indiquei, non hai unha recolleita sistemática de tal tipo de unidades. Agora ben, existe un indicio que nos axuda a recoñecer o grao de lexicalización destas unidades. Nótese que se facemos preceder o antropónimo do identificador *outro* a interpretación varía dependendo do seu grao de fixación. “Outro adán” ou “outro xudas”, fóra de calquera contexto, parecen significar ‘outra persoa desleixada’ ‘outro traidor’, mentres que “outro einstein” ou “outra esther williams”, insisto, libres de contexto, significan ‘unha persoa diferente a Albert Einstein pero con características similares a el’ e ‘unha persoa diferente a Esther Williams pero con características similares a ela’. Isto é, cando a acepción figurada do termo non está fixada na memoria dos falantes o contraste establécese cos referentes concretos e individuais dos antropónimos primixenios, neste caso do investigador alemán e da actriz-nadadora estadounidense. No entanto, cando a acepción figurada si está almacenada no noso lexicón mental imponse primeiramente unha lectura na que o contraste se establece precisamente con ese valor (suponse a existencia doutro referente pertencente á clase dos adáns ou á clase dos xudas), aínda que, secundariamente, o contraste co Adán ou co Xudas bíblicos tamén é posible. Como cabía esperar, existen casos dubidosos nos que é difícil asignar unha lectura primaria (“outro quixote”), como boa mostra do carácter gradual do proceso de fixación.

5 En calquera caso, dos datos que figuran no Apéndice pode extraerse información sobre a recepción das expresións do corpus en tres dicionarios galegos.

6 Sobre a tradución destes antropónimos recategorizados e en xeral, sobre a tradución dos epónimos (nomes comúns procedentes de nomes propios) vid. V. Moya (2004).

Ao carón de grao de fixación debe falarse de grao de figuración dos antropónimos. De acordo con Dobrovól'skij e Piirainen, para que unha expresión sexa considerada figurada é requisito imprescindible que posúa un compoñente imaxético, isto é, que o plano do contido da expresión inclúa aspectos do significado literal subxacente: “figurative units possess a second conceptual level at which they are associated with the sense denoted by their literal form” (2005: 14).

Por outra banda, en estreita relación co grao de figuración atópase a escala de motivación. De acordo cos dous autores citados (2005: 81):

Motivation is understood as the possibility of an interpretation of the mental image in a way that makes sense of the use of a given word or word combination in the meaning conventionally ascribed to it.

Estamos tamén desta volta ante escalas graduais que van desde expresións plenamente figuradas ata outras xa non percibidas como tales, ou desde unidades motivadas ata unidades opacas, aínda que a determinación do lugar que ocupa cada antropónimo en cada unha desas escalas pode variar de falante a falante en función dos seus coñecementos. Nótese que, tal e como sinalan os autores citados (2005: 17), figuración e motivación, aínda que estreitamente vinculados, son dous conceptos diferentes. *Romper lanzas* é unha locución verbal figurada na medida en que calquera falante é consciente de que está empregando uns conceptos (‘romper’ e ‘lanzas’) para facer referencia a outros (‘saír en defensa [de alguén]’), independentemente de que, cando menos moitos falantes, non poidan percibir o vínculo existente entre ambos os planos de significado. Estaríamos daquela ante unha expresión figurada pero non-motivada, opaca.

O termo *supermán* é un bo exemplo de antropónimo situado no extremo positivo tanto da escala de figuración como da escala de motivación, dado que a maior parte, se non todos os falantes que empregan o nome propio recategorizado coñecen a existencia do superheroe, dotado de poderes extraordinarios, e posúen unha imaxe mental del (máis ou menos rica, dependendo do falante). Ademais, o significado de *supermán* ‘persoa que posúe determinadas capacidades superiores á media ou que realiza unha acción de especial dificultade’ vincúlase doadamente coa citada imaxe, de modo que o antropónimo está provisto dunha clara motivación, dunha xustificación etimolóxica que axuda á súa memorización, á súa supervivencia e que ademais, como vimos, o enriquece semanticamente.

No polo negativo da escala de figuración atoparíamos expresións de orixe figurada pero nas que sincronicamente xa non se percibe a presenza do antropónimo orixinario. Evidentemente, nestes casos xa non ten sentido falar de motivación, dado que esta implica o establecemento de vínculos entre dous planos conceptuais e desta

volta, un deses planos está ausente. É o caso de *dandi*⁷ ou, para moitos falantes, de *mecenas*.

Entre ambos os extremos atopamos casos intermedios. *Adán* é percibido por algúns falantes como un termo figurado (pois evoca o personaxe bíblico), pero non resulta tan doado atopar unha motivación para o seu emprego como designador dunha ‘persoa deixada, sucia e moi descoidada no seu vestido e aspecto’.

O noso coñecemento sobre o personaxe é variable, ademais, de falante a falante e de exemplo a exemplo. Nalgúns casos, como no de *Quixote* ou *Sherlock Holmes*, a imaxe mental adoita incluír unha representación física do personaxe (sexa este ficticio ou non; en calquera dos dous casos é frecuente que tal representación se obteña a través do cine, da televisión, dos cómics e, en menor medida nos últimos tempos, directamente a través de descrições literarias). Noutros casos non parece haber maioritariamente unha imaxe física asociada ao antropónimo (*Adán*, *Rockefeller*). O certo é que nalgúns casos, cando menos para determinados falantes, a imaxe mental que se posúe do antropónimo primitivo está constituída exclusivamente pola característica da que o nome propio é representante prototípico: así, por exemplo, para moitos falantes *Casanova* foi, simplemente, un home que seducía a moitas mulleres. Nestes casos cómpre falar de motivación (recoñécese un vínculo entre o significado do antropónimo recategorizado e as características do personaxe que lle deu orixe) e de figuración (recoñécese a existencia dun concepto orixinario empregado simbolicamente), pero o grao de figuración é baixo no sentido de que a imaxe evocada é moi pobre.

Do que acabo de afirmar pode desprenderse que, na miña opinión, o compoñente imaxético asociado á lectura simbólica de expresións altamente figuradas como, por exemplo, un *supermán*, non está constituído exclusivamente polo trazo motivador do emprego figurado, ‘superheroe dotado de poderes extraordinarios’, senón que o uso do antropónimo recategorizado evoca (de forma máis ou menos consciente) un conxunto de coñecementos sobre o personaxe (que inclúen a súa imaxe física). Esta hipótese, dificilmente demostrable cando menos sen o recurso a estudos psicolingüísticos, pode no entanto verse apoiada por comportamentos relativamente frecuentes, como a actualización, contigua á enunciación do antropónimo recategorizado, de xestos característicos do personaxe (extensión do brazo dereito co puño pechado) ou a representación en cómics, vestido de Supermán, do individuo que posúe determinadas capacidades superiores á media ou que realiza unha acción de especial dificultade.

7 Inclúo no corpus este substantivo aceptando a hipótese sostida polos etimólogos de que o termo inglés *dandy* resulta do emprego figurado de *Dandy*, hipocorístico de *Andrew*. En calquera caso, *dandi* / *dandy* preséntase nos dicionarios etimolóxicos como un termo de orixe escura (vid. *The Oxford Dictionary of English Etymology* s.v.). Daquela é para os falantes ingleses e mesmo para os etimólogos, un termo opaco.

A medida que a imaxe mental se vai esvaecendo, e con ela a motivación, existe unha *tendencia* á desaparición das expresións. Subliño *tendencia* dado que hai claras excepcións a este comportamento (*mecenas*), pero é ben sabido que a percepción da xustificación etimolóxica de determinado emprego xoga un papel fundamental na súa perdurabilidade. Isto non implica que non existan outros factores que, como sinalo en Álvarez de la Granja (2003: 40) en relación ás unidades fraseolóxicas, poidan incidir na pervivencia das expresións: a rendibilidade do termo, a frecuencia e a familiaridade, a sonoridade e o mesmo azar.

Ce n'est évidemment que par hasard que des locutions démotivées ont vécu pendant des siècles et sont employées aujourd'hui quotidiennement (...) alors que d'autres, claires et expressives, n'ont pas vécu (Rey 1971: 836).

Ademais, probablemente a perda de motivación ten menor repercusión no caso de que o referente do antropónimo se manteña vivo no saber colectivo da comunidade (*Adán*). Pola contra, cando se vai perdendo a memoria do personaxe, resulta máis difícil a pervivencia do seu emprego figurado: xa son poucas as persoas que utilizan a expresión un *Fangio* para referirse a unha persoa que ten moita habilidade para conducir, e en moitos falantes novos, o termo nin sequera se comprende, posto que tamén se descoñece o referente do antropónimo orixinario.

Bibliografía

- ÁLVAREZ, R. / X. XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. (2003): *As locucións verbais galegas*, Santiago: Universidade.
- CABRÉ, M. T. et alii (2000): "Nombre propio y formación de palabras", en G. Wotjak (ed.), *En torno al sustantivo y al adjetivo en el español actual. Aspectos cognitivos, semánticos, (morfo)sintácticos y léxicogenéticos*. Frankfurt / Madrid: Vervuert / Iberoamericana, 191-206.
- CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord.) (2000): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*, Vigo: Xerais.
- DOBROVOL'SKIJ, D. / E. PIIRAINEN (2005): *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives*, Oxford: Elsevier.
- MOYA, V. (2004): "Eponimia y traducción", en L. González / P. Hernández (coords.), *Las palabras del traductor* (Actas del II Congreso "El español, lengua de traducción", 20 y 21 de mayo de 2004, Toledo), Bruxelles: Esletra, 101-117.
- ONIONS, C. T. (1998⁷): *The Oxford Dictionary of English Etymology*. Oxford: Oxford University Press, 1966.

- PENA, X. A. (dir.): (2004): *Dicionario Cumio da lingua galega*, Vigo: Edicións do Cumio.
- REAL ACADEMIA GALEGA (1997): *Dicionario da Real Academia Galega*, A Coruña: Real Academia Galega.
- REY, A. (1971): "Structure sémantique des locutions françaises", en M. Boudreault / F. Möhren (eds.), *Actes du XIII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, vol. I, Québec: Les presses de l'Université Laval, 831-841.

APÉNDICE

OBSERVACIÓNS: Se non se indica nada, a definición é miña. En caso contrario, foi tomada dalgún dos dicionarios indicados, seguindo a seguinte orde de consulta:

DRAG: *Diccionario da Real Academia Galega*

GDXL: *Gran diccionario Xerais da lingua*

DC: *Diccionario Cumio da lingua galega*

Na terceira columna sinálanse os dicionarios nos que se recolle o antropónimo:

Substantivo recategorizado	Significado	Dicionarios
ADÁN	s.m. Persoa deixada, sucia e moi descoidada no seu vestido e aspecto (GDXL)	GDXL, DC
ADONIS	s.m. Home, especialmente o novo, de moita fermosura (GDXL)	GDXL, DC
AFRODITA	Muller moi fermosa	
BARBIE	Muller estilizada, normalmente co cabelo longo, de aspecto exterior moi coidado e caracterizada pola súa frivolidade	
CASANOVA	Home que seduce a moitas mulleres	
CELESTINA	s.f. Muller que actúa como intermediaria en intrigas, especialmente as amorosas; alcaiota (GDXL)	GDXL, DC
DANDI	s.m. Home que viste con moita elegancia, mesmo esaxerada, e que manifesta afectación nas súas maneiras (DRAG)	DRAG, GDXL, DC
DON JUAN, DONJUÁN, DON XOÁN, DONXOÁN	(donxoán) s.m. Seductor, home cun especial afán por seducir mulleres (GDXL)	GDXL
FANGIO	Persoa que conduce moi ben	
FITIPALDI	Persoa que conduce a moita velocidade	
LÁZARO	s.m. 1) Persoa pobre que anda vestida con farrapos. 2) Persoa enferma que ten o corpo cuberto de chagas. Estar feito un lázaro: estar mancado (GDXL)	GDXL, DC
LOLITA	Moza adolescente a quen lle gusta provocar atracción nos homes	
MADALENA	s.f. Muller penitente. (<i>Chorar como unha madalena</i> : Chorar desconsoladamente (GDXL))	GDXL, DC
MAQUIAVELO	Persoa astuta e hábil que consegue o seu propósito con enganos	
MARUJA	Muller de nivel cultural baixo que só se dedica ás tarefas do fogar	
MATA-HARI	Muller que consegue información a través da sedución	
MECENAS	s. Persoa rica ou poderosa que patrocina os literatos, sabios ou artistas (DRAG)	DRAG, GDXL, DC
NARCISO	s.m. Persoa que se complace nunha atención e contemplación excesiva de si mesma (DRAG)	DRAG, GDXL, DC
ONASSIS	Persoa moi rica	
PICASSO	Persoa que ten dotes artísticas para a pintura	
POULIDOR	Persoa que nunca alcanza o primeiro posto ou o posto máis importante e queda relegada a unha segunda posición ou a un posto secundario	
QUASIMODO	Persoa moi fea, especialmente se ten un corpo mal feito	
QUIXOTE	s.m. Persoa que se embarca en empresas moi superiores ás súas forzas (GDXL)	GDXL, DC
RAMBO	Persoa violenta e con moita afección polas armas	
RASPUTÍN	Persoa intrigante e conspiradora	
ROCKEFELLER	Persoa rica	
RODOLFO VALENTINO	Galán, home atractivo que namora a moitas mulleres	
SHERLOCK HOLMES	Persoa que descobre sagazmente a verdade	
SUPERMÁN	Persoa que posúe determinadas capacidades superiores á media ou que realiza unha acción de especial dificultade	
VENUS	s.f. Muller moi fermosa (DRAG)	DRAG, GDXL, DC
XAN	s. Home de pouco carácter e de pouca personalidade, que se deixa dominar por calquera (DRAG)	DRAG, GDXL, DC
XUDAS	s.m. 1) fig Traidor, persoa desleal ou infiel. 2) fig Home malo (GDXL)	GDXL, DC